



Expediente IET: P-20-217
Proxecto: Parque eólico Estivada
Concello: Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)
Promotor: Green Capital Power SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 18/10/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque eólico Estivada.

1. Antecedentes:

Con data do 18/05/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinario. Nese informe, estimábase que o parque podía xerar impactos sobre elementos de interese paisaxístico da contorna, e sobre os núcleos de poboación situados a menos de 1 km. Efectos que podería agravarse pola sinerxía con outros parques da contorna. Por tanto, e de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, indicábase que o proxecto debería incorporar no estudo de impacto ambiental (EslA) un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avalían os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración propostas.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Estivada, de 36 MW, composto por 8 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, torre anemométrica e subestación). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros, e 150 metros de diámetro de rotor. Para servizo ao parque se prevé o acondicionamento de 6.402 m de vías existentes e 3.315 m de nova apertura.

O estudo de impacto ambiental (EsIA) inclúe un EIIP como documento anexo, no que se fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia. Tamén analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as bacías visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km, e indícanse as afeccións a miradoiros, rutas de sendeirismo e elementos do patrimonio cultural. Complétase este estudo cunha serie de infografías que simulan a visibilidade dos aeroxeradores dende diferentes localizacións. Por último, identifícanse e valóranse os impactos e sinerxías con outros parques da contorna e descríbense as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos. O EIIP non achega xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das Directrices de paisaxe.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

En canto aos valores e elementos que analiza o Catálogo das paisaxes, o conxunto de aeroxeradores atópase a unha distancia que oscila entre 1,1 e 3,8 km da área de especial interese paisaxístico AEIP-07-17 Castelo do Pambre, e a uns 5 km tanto da AEIP-07-21 Alto Ulla como da AEIP-07-16 Mourazos e O Monte San Xurxo. Respecto dos valores panorámicos, sinalar que o miradoiro de Cima do Farelo atópase a uns 5,8 km ao sur do aeroxerador ES-08. O Camiño Francés a Santiago discorre a uns 5,8 km ao norte do aeroxerador ES-04. Respecto aos valores culturais e naturais recollidos no Catálogo, entre os elementos destacables máis próximos aos aeroxeradores están os torrentes do Mácara e o Castelo de Pambre (lugares de interese paisaxístico dentro da AEIP Castelo do Pambre situados a 1,6 e 3,3 km respectivamente do ES-04) o Pazo de Eidián (1,8 km do ES-04), o Pazo de Torrepenela ou Santa Mariña (a uns 2,3 km do ES-6), así como o Pazo de Borraxeiros (a algo menos de 2,8 km dos ES05, ES07 e ES08). Segundo o Catálogo das paisaxes, o ámbito do parque encádrase nunha zona de visibilidades medias e altas.

O proxecto localízase nos altos e cordais do Coto de Monte Queimado, Monte de Meixide e Monte de Taranbello, na Serra do Farelo. Trátase de cumios conformados por unha paisaxe rural dominada por especies forestais de produción madeireira, afloramentos rochosos e mato. Os vales que rodean estes cumios están ocupadas por asentamentos rurais dispersos e de pequeno tamaño. Os principais núcleos da contorna son Melide (algo máis de 9 km ao norte do ES-04), Palas de Rei (uns 9 km ao nordés), Agolada (5 km ao suroeste do ES-08) e Antas de Ulla (4 km ao leste do ES-06). As principais estradas da contorna son as nacionais N-547 Lugo-Santiago e N-640, e as autonómicas AC-840/PO-840.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A proposta achegada difire da informada polo IET con data 18/05/2020, na medida na que se modifica a posición de varios aeroxeradores, en particular do aeroxerador ES-05, e varía o diámetro de rotor das máquinas de 145 a 150 metros no modelo actual. A nova posición do aeroxerador 5 resulta de maior impacto paisaxístico que a anterior, toda vez que, segundo a información ortofotográfica dispoñible, afecta a unha masa de arboredo autóctono,





tratándose dunha cobertura de alto valor paisaxístico e cada vez máis escasa nunha contorna fortemente antropizada por plantacións forestais. Deste xeito, a posición non resulta acorde co disposto na directriz de paisaxe DX. 20 epígrafes a, d e i.

O EIIP é incompleto toda vez que non se achega xustificación da adaptación ás Directrices de paisaxe.

En canto ás avaliacións dos impactos e o estudo de sinerxías considérase axeitado á entidade do proxecto. Sen embargo, as medidas preventivas e correctoras do proxecto non se axustan ás directrices de paisaxe (en particular co referencia ao antedito sobre a conservación das masas de vexetación de valor natural).

6. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse debido á intrusión visual na contorna rural e a incidencia acumulada derivada da sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto. Ademais o aeroxerador ES-05 pode producir (a falta dunha xustificación máis detallada) impactos significativos sobre masas de arboredo autóctono, polo que debe buscarse unha localización na que se evite ese impacto, como por exemplo a alternativa que se informou con data do 18/05/2020.

Por outra banda, o proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido documental non se axusta ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, toda vez que o proxecto non xustifica a adaptación ás Directrices de paisaxe, especialmente ás determinacións recollidas na directriz de paisaxe DX.20, e en particular aos epígrafes indicados no apartado 5 anterior.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

